

SVV/acc

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024005052
ASUNTO	"CURSOS DE ESPAÑOL PARA A PREPARACIÓN DO DELE A2 PARA O ANO 2024"
TRÁMITE	APROBACIÓN DA RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS

A deputada delegada da área de Igualdade e Benestar Social, en aplicación das Resolucións Presidenciais número 2024002173 e 2024002205, de 15 de marzo de 2024, sobre delegación de atribucións do presidente, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO**

Primeiro.- Por Resolución Presidencial núm. 2024001435, de 21 de febreiro de 2024, aprobáronse as Bases Regulatoras dos Cursos de Español para a preparación do DELE A2 , exercicio 2024, publicadas no BOPPO nº 41 do 27 de febreiro de 2024.

Segundo.- Con data 25 de marzo de 2024 , formalizouse o Convenio de Colaboración entre esta institución provincial e a Universidade de Vigo (CIF Q-86 500 02-B) para o desenvolvemento dunha nova edición dos "Cursos de español para a preparación de DELE do nivel A2".

Terceiro.- Unha vez finalizado o pasado 15 de marzo de 2024 o prazo de presentación de solicitudes e revisadas as mesmas, de acordo co previsto na base décima e décima primeira da convocatoria **RESOLVO**:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión destas últimas (CSV: KZX5T9182REYSJJZ).



Segundo. Publicar a relación provisional, xunto coas causas da súa exclusión no BOPPO e na páxina Web da Deputación de Pontevedra.

Terceiro. Conceder un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte.

Cuarto. Transcorrido o prazo de emenda, publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no BOPPO e na páxina Web da Deputación de Pontevedra.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

